

GRAMÁTICA GALEGA

O XÉNERO DOS SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

SON MASCULINAS

- Os nomes das **letras**: o a, o be
- Moito substantivos rematados en **-ume**: o cume, o lume, o legume, o costume, o pesadume (excepto: a servidume e a mansedume...)
- Os seguintes substantivos:

O bechamel, o berce, o cal (de pintar), o cárcere, o couce, o cuspe, o diadema, o dote, o fel, o labor, o leite, o mar, o masacre, o mel, o nariz, o pagode, o paradoxo, o sal, o sangue, o sinal, o sorriso, o ubre, o vexame, o xiz...

Son femininas:

- A maioría das árbores **froiteiras** e os seus **froitos**: a laranxeira-a laranxa; a pereira- a pera
 - Mais existen **excepcións**:
 - Árbore masculina e froito feminino: o castiñeiro-a castaña;
 - Árbore feminina – froito masculino: a figueira-o figo
 - Árbore e froito masculinos: o limoeiro- o limón
- As palabras rematades en **-axe**: a paisaxe, a viaxe, a vantaxe
 - (agás o traxe, o paxe, o garaxe)
- As palabras cultas rematas en **-se, -e, -te e -ite**: a análise, a apocalipse, a dose, a eclipse, a énfase, a parálise, a perífrase, a cute, a diabete, a hepatite.
 - (excepto: o éxtase)
- As seguintes palabras:

A ábsida, a árbore, a arte, a azouta, a cal ou canle, a calor, a color ou a cor, a dolor ou a dor, a fame, a fraude, a fronte, a lavalouza, a marxe, a omoplata, a orixe, a orde, a pantasma, a ponte, a reuma, a sebe, a sentinela, a síncope, a síndrome, a sida, a suor, a vertixe....

CADRO RESUMO DA FORMACIÓN DO FEMININO		
MASCULINO REMATADAS EN:	FORMAN O FEMININO CON:	EXCEPCIÓNS
-o -e (<i>fillo</i>)	-a (<i>filla</i>)	
-s, -r, -z, -l (<i>deus</i>)	-a (<i>deusa</i>)	
ditongo ou vogal tónica (<i>nu</i>)	-a (<i>núa</i>)	Os adxectivos non varían.
		Especiais grou/grúa, sandeu/sandía e xudeu/xudía.
-ín (<i>bailarín</i>)	-ina (<i>bailarina</i>)	Excepto: ruín (invariable)
-ún (<i>euscaldún</i>)	-a (<i>euscalduna</i>)	Especiais: Vacún/vacúa, cabrún/cabrúa, cervún/cervúa.
-án (<i>ancián – folgazán</i>)	-á (<i>anciá</i>)	
	-ana (<i>folgazana</i>)	Cando son pexorativos ou aumentativos
-ón (<i>ladrón – chorón</i>)	-oa (<i>ladroa</i>)	
	-ona (<i>chorona</i>)	Cando son pexorativos ou aumentativos

En ocasións, a forma masculina engloba os valores referidos a macho e femia

Os cans

Non obstante, noutros casos é a forma feminina a que engloba eses valores

As galiñas

Cando nos referimos a seres humanos convén que utilizemos a forma colectiva ou **inclusiva**

***Os alumnos e as alumnas =
alumnado***

CADRO RESUMO DA FORMACIÓN DO PLURAL		
SINGULAR REMATADAS EN		EN PLURAL ENGADEN:
EXEMPLOS:		
Vogal ou ditongo		-s
Mesa-mesas; lei-leis, rubí-rubís		
-R ou -Z		-es
Mar-mares; luz-luces		
-N		-s
Can-cans; camión-camións		
-L	Monosílabas	-es
	Mel-meles	
	Polisílabas agudas	-l ou -is
	Animal-animais	
-S	Graves	-es
	Túnel-túneles	
	Compostas nas que o segundo elemento é un monosílabo	-es
-S	Parasol-parasoles	
	Agudas	-es
	Compás- compases	
-S	Graves e esdrúxulas	Invariable
	O lapis- os lapis	
Grupo consonántico e x		Invariable
O bíceps- os bíceps; o fax – os fax		
Rematas noutras consoantes (normalmente cultismos ou estranxeirismos pouco integrados na lingua)		-s
Réquiem-réquiems; club-clubs		

1. Escribe a forma feminina dos seguintes substantivos:

Rei	Tsar	Xenro	Emperador
Actor	Duque	Heroe	Padriño
Profeta	Padrastro	Príncipe	Xudeu

2. Cambia os substantivos masculinos polos femininos correspondentes e mais todo o que cumpra:
- O presentador, como non puido entrevistar o presidente, falou co deputado máis preguntón.
 - Aquel rapaz portouse como un heroe. Cando oímos gritar a un cliente e vimos que saía un home a correr, el decatouse de que era un ladrón e perseguiuno.
 - Gustáronme máis os actores que facían de conde e de sacerdote, cós que facían de anfitrión e de escritor
 - Ao meu xenro encantáballes os osos, e ao meu neto os leóns. O meu compadre, en cambio, tolea polos elefantes
 - Segundo conta a miña avoa materna, o bisavó foi un gran poeta.
3. Completa, segundo cumpra, con o/a ou un/unha e tamén as terminacións que faltan:
- Iamos ver .___ ponte roman___, pero fai moit___ viruxe
 - Fixeches ___ labor moi bonit___, con moit___ arte
 - Ten ___ costume moi mal___; sempre esquece ___ contrasinal. E iso crea cert___ desorde.
 - ___ sida é ___ síndrome inmunodeficiente.
 - Xa merquei ___ leite e mais ___sal para ___ bechamel
 - ___ xiz é branc___; ___ mel, dourad___; ___ feluxe, negr___; e ___ sangue, vermell___
 - ___ testemuña dixo que vira ___masacre tremend___
 - Deume ___ couce fortísim___ e agora teño moit___ dor
 - Cáeme ___ suor d___ calor que paso onda ___ lume
 - j.
4. Escribe de novo estas oracións poñendo en plural todas as palabras que poidas
- O dianteiro centro, despois de canear o defensa central e meter un gol, foi abrazar a súa nai e a seu avó.
 - Hoxe teño que comprar o material necesario para facer o mural na parede do cuarto de baño, un póster, un adhesivo con forma de caracol, un calcapapel e unha tesoir.
 - Aquel señor, por non andar áxil, perdeu o autobús e agora ten que alugar un automóbil.

OS DETERMINANTES

Os determinantes acompañan aos substantivo, por exemplo: Este mes irei de visita ao Courel. Temos dentro desta categoría gramatical diferente tipos:

Artigos, demostrativos, posesivos, interrogativos e exclamativos, numerais e indefinidos.

O ARTIGO EN GALEGO

Determinados			Indeterminados	
	S	P	S	P
Masculino	o	os	un	uns
Feminino	a	as	unha	unhas

GALEGO	CASTELÁN
O traballo	El trabajo
A estación	La estación
Un camión	Un camión
Unha cama	Una cama

Recordemos que en galego os artigos contraen coas preposicións (a, con, de, en, por) e coa conxunción (ca):

		o	a	os	as
Prep.	a	ao/ó	á	aos/ós	ás
	con	co	coa	cos	coas
	de	do	da	dos	das
	en	no	na	nos	nas
	por	polo	pola	polos	polas
Conx.	ca	ca o/ có	ca a/ cá	ca os/ cós	ca as/ cás

		un	unha	uns	unhas
Prep.	con	cun	cunha	cuns	cunhas
	de	dun	dunha	duns	dunhas
	en	nun	nunha	nuns	nunhas

EXERCICIO DOS ARTIGOS: completa as oración facendo as contraccións dos artigos coas preposicións

- En a ... saída de a ... Alameda bateu con unha ... amiga de a ... infancia por a ... que sempre sentiu un grande agarimo
- Traballa con un ... curmán en a ... construción de a ... ponte de o ... tren que pasa por o ... fondo de a ... vila
- Ao iren a a ... festa de o ... seu aniversario expuxéronse a as ... críticas de os ... seus inimigos
- Xogaban xuntos a a ... billarda, vivían en unhas ... casas próximas e os dous se apaixonaron por o ... mesmo equipo de baloncesto
- Está entrando unha borrasca por o ... norte de A ... Coruña, dixérono en a ... televisión
- Vivía en un ... país afastado, en unha ... cidade bañada por un río de augas claras
- Deu con unha ... amiga de a ... infancia en as ... redes sociais mirando en o ... seu móbil
- En a ... película de A ... Esmorga recóllense moi ben os ambientes de a ... cidade de as ... Burgas
- Iso sae en un ... capítulo de Os ... fillos do mar de Pedro Feijoo, mais non lembro de cal se trata
- Naceu en o ... Carballiño, medrou en as ... Pontes e fíxose con un ... traballo en A ... Coruña

OS DEMOSTRATIVOS

MASCULINO	<i>SINGULAR</i>	ESTE	ESE	AQUEL
	<i>PLURAL</i>	ESTES	ESE	AQUELES
FEMININO	<i>SINGULAR</i>	ESTA	ESA	AQUELAS
	<i>PLURAL</i>	ESTAS	ESAS	AQUELA
<u>PRONOME NEUTRO</u>		<u>ISTO</u>	<u>ISO</u>	<u>AQUILO</u>

O demostrativo, como o artigo, tamén contrae coas preposicións de e en:

Prep.	Demostrativos					
	Este Esta	Estes Estas	Ese Esa	Eses Esas	Aquel Aquele	Aqueles aquelas
de	deste desta	destes destas	dese desa	deses desas	daquel daquela	daqueles daquelas
en	neste nesta	nestes nestas	nese nesa	neses nesas	naquel naquela	naqueles naquelas

En este lugar aprendo galego (MAL)

Neste lugar aprendo galego (BEN)

OS POSESIVOS NEUTRO NON CONTRAEN NUNCA

Os demostrativos contraen tamén con outra(s) e outro (s), agás os neutros

	Outro(s), Outra(s)	
Este, Esta	estoutro	estoutra
Estes, Estas	estoutros	estoutras
Ese, Esa	esoutro	esoutra
Eses, Esas	esoutros	esoutras
Aquel, Aquele	aqueloutro	aqueloutra
Aqueles, Aquelas	aqueloutros	aqueloutras

Este outro gústame máis (MAL)

Estoutro gústame máis (BEN)

		Masculino	Feminino	Invariable
De	Sing.	deste, dese, daquel, destoutro, desoutro, daqueloutro	desta, desa, daquela, destoutra, desoutra, daqueloutra	disto, diso, daquilo, disto outro, diso outro, daquilo outro
	Pl.	destes, deses, daqueles, destoutros, desoutros, daqueloutros	destas, desas, daquelas, destoutras, desoutras, daqueloutras	-----
En	Sing.	neste, nese, naquel, nestoutro, nesoutro, naqueloutro	nesta, nesa, naquela, nestoutra, nesoutra, naqueloutra	nisto, niso, naquilo, nisto outro, niso outro, naquilo outro
	Pl.	nestes, neses, naqueles, nestoutros, nesoutros, naqueloutros	nestas, nesas, naquelas, nestoutras, nesoutras, naqueloutras	-----

EXERCICIO DE DEMOSTRATIVOS. Completa as seguintes frases co demostrativo que lle preste e fai as contraccións necesarias:

1. Para ... tarefa non me cómpre ... trebello, senón...outro e mais...outros de alá.
2. ... vaiche resultar moi difícil.
3. Despois de se decataren de..., tiveron que desaparecer de... casa.
4. Eu prefiro..., mais é algo máis caro que...
5. ... vídeos están algo pasados de moda, ... están moito mellor.
6. En... mesmo lugar saíuse da estrada meu pai cando tiña... deportivo vermello.
7. Con... amplificación non se escoitan nada ben... grupos folclóricos.
8. Todo... que ves fíxeno eu con... manciñas tan xeitosas.
9. ...bicicleta estática custoulle á Mila moitas suores.
10. Se o fas de... maneira conseguirás mellores resultados.

O POSESIVOS

Poden ser determinantes (acompañan a un substantivo) ou pronomes (substitúen ao substantivo)

SINGULAR					PLURAL		
		1º PERSOA	2ª PERSOA	3º PERSOA	1º PERSOA	2ª PERSOA	3º PERSOA
MASC.	SINGULAR	MEU	TEU	SEU	NOSO	VOSO	SEU
	PLURAL	MEUS	TEUS	SEUS	NOSOS	VOSOS	SEUS
FEMIN.	SINGULAR	MIÑA	TÚA	SÚA	NOSA	VOSA	SÚA
	PLURAL	MIÑAS	TÚAS	SÚAS	NOSAS	VOSAS	SÚAS

<u>Determinantes</u>	
<u>GALEGO</u>	<u>CASTELÁN</u>
O meu traballo	Mi trabajo
A túa estación	Tu estación
O noso camión	Nuestro camión
A vosa cama	Vuestra cama

<u>Pronomes</u>	
<u>GALEGO</u>	<u>CASTELÁN</u>
Isto é meu	Esto es mío
Quero a súa	Quiero la suya

OS POSESIVOS SEMPRE VAN ACOMPAÑADOS DE ARTIGOS,
AGÁS CANDO SE QUEIRA EXPRESAR FAMILIARIADADE:

Os meus amigos son galegos

Meu pai viaxa moito

EXERCICIO DE POSESIVOS: Substituír o que vai entre parénteses por unha construción con posesivo:

- Exemplo: (camisas del) ...As súas camisas.... están esfarrapadas.
- (chaquetas de ti) son de la.
- (medias de nós)..... son moi finas.
- Non encontro (xerxeis de min).
- Aínda non recolleron (calzóns deles).
- (saías delas) son vermellas.
- Empréstame (abrigo de ti).
- Podes pendurar aí (chapeu dela).
- Bota na pía de lavar (calcetíns de ti).
- (gravata de ti) é negra.
- (suxeitadores de vós) xa están enxoiados.
- (calzas de nós) son de boa calidade.
- Podes pór (bata dela).
- (casaca de nós) está raxada.

OS INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS

Que	Que queres facer?	
Quen	Quen es ti?	Non se pode poñer en plural (quenes está mal)
Cal	Cal queres de min?	
Canto, como	Canto queres de fariña? Como estás hoxe?	
Cando, onde	Cando ves a miña casa? Onde vives?	

En galego o signo de interrogación ou exclamación só se coloca ao final da oración, non ao principio.

Como vemos en galego non se acentúan os interrogativos e exclamativos.

NUMERAIS

Cardinais	Indican unha cantidade exacta <i>Un/unha, dous/dúas,, dezaís, vinte e un, ... Trinta e tres, cincocentos/as (quiñentos/as)...</i>
Ordinais	Indican a situación ou a orde dos seres ou cousas nunha serie. <i>Primeiro/a, segundo/a, undécimo, duodécimo, sesaxésimo, centésimo...</i>
Partitivos	Indican a fracción exacta dunha unidade. <i>Medio/a, terzo/a, ..., sétimo/a, onceavo/a, doceavo/a....</i>
Multiplicativos	Indican o resultado dunha multiplicación. <i>dobre (duplo/a), triplo/a, cúadruplo/a, óctuplo/a, nóuplo/a.</i>

Cardinais			
cero	doce	corenta	cincocentos/cincocentas,
un/unha	trece	cincuenta	quiñentos/quiñentas
dous/dúas	catorce	sesenta	seiscientos/seiscentas
tres	quince	setenta	setecentos/setecentas
catro	dezaseis	oitenta	oitocentos/oitocentas
cinco	dezasete	noventa	novecentos/novecentas
seis	dezaioito	cen	mil
sete	dezanove	cento un/unha	dous/dúas mil
oito	vinte	cento dous/dúas	cen mil
nove	vinte e un/unha	douscentos/duascentas	un millón
dez	vinte e dous/dúas	trescentos/trescentas	
once	trinta	catrocentos/catrocentas	

Ordinais			
primeiro/-a	décimo/-a	décimo sétimo/-a	sesaxésimo/-a
segundo/-a	undécimo/-a	décimo oitavo/-a	septuaxésimo/-a
terceiro/-a	décimo primeiro/-a	décimo noveno/-a	octoxésimo/-a
cuarto/-a	duodécimo/-a	vixésimo/-a	nonaxésimo/-a
quinto/-a	décimo segundo/-a	vixésimo primeiro/-a	centésimo/-a
sexto/-a	décimo terceiro/-a	vixésimo segundo/-a	ducentésimo/-a
sétimo/-a	décimo cuarto/-a	trixésimo/-a	tricentésimo/-a
oitavo/-a	décimo quinto/-a	cuadraxésimo/-a	milésimo/-a
noveno/-a	décimo sexto/-a	quincuaxésimo/-a	millonésimo/-a

Multiplicativos			
dobre, duplo/-a	quíntuplo/-a	óctuplo/-a	céntuplo/-a
triplo/-a	séxtuplo/-a	nóuplo/-a	[Os restantes:
cuádruplo/-a	séptuplo/-a	décuplo/-a	cardinal + veces]

Partitivos			
medio/-a	sétimo/-a	doceavo/-a	noventa e noveavo
terzo/-a	oitavo/-a	treceavo/-a	centésimo/-a
cuarto/-a	noveno/-a	catorceavo/-a	milésimo/-a
quinto/-a	décimo/-a	vinteavo/-a	millonésimo/-a
sexto/-a	onceavo/-a	trintaavo/-a	

INDEFINIDOS

Son palabras que indican indeterminación ou imprecisión referida a unha cantidade ou á identidade de algo ou alguén.

CUANTIFICADORES

Algún (algunha), ningún (ningunha), nada, algún, ningún, bastante, moito (moita), pouco (pouca), abondo, varios (varias)...

IDENTIFICADORES

Ambos (ambas), cada, calquera, certo (certa), mesmo (mesma), **outro** (outra), propio, tal..

		Algún(s)	Algunha(s)	Outro(s)	Outra(s)
	de	dalgún(s)	dalgunha(s)	doutro(s)	doutra(s)
Prep.	en	nalgún(s)	nalgunha(s)	noutro(s)	noutra(s)

1. EXERCICIOS INDEFINIDOS: Encheos ocios usando mesmo, propio, tal, demasiado, ambos, algún, ningún, algún, ningún, calquera, cadaquén, quenquera, outro, certo. Fai as contraccións necesarias:

- Exemplo:algún..... que te vise, diría que vas espido.
- Foron asque da outra vez.
- Non mo dixo, sabíao eu.
- Contra ese mal non hai solución.
- Traballar para é máis custoso que ter un traballo
- cho contaría, que ti non o sabías.
- Viñerondúas con amigas.
- De persoas non se pode un fiar.
- que fose, ía laiándose coma un can.
- ten que apandar coas súas obrigas, ou como din coa súa cruz.

ORTOGRAFÍA

DA LINGUA GALEGA

USO DE B E V

ESCRÍBESE CON B:

- En todas as formas dos verbos **deber, beber, caber, haber e saber**.
- Nas terminacións en **-aba, -abas, -abamos, -abades, -aban** do copretérito dos verbos da 1ª conx
- En todas as formas dos verbos rematados en **-bir e -buír**: *escribir, recibir, distribuír...* **Excepto servir, vivir, vir**, e os seus derivados.
- Nos grupos **bl-** e **br-**: *nobre, blusa...* (excepto *acivro, ovni...*).
- Nas palabras que comezan por **bu-, bur- e bus-**: *burro, burla, buscar...*
- Nas terminacións **-bunda, -bundo, -bil e -bilidade**: *meditabundo, hábil, habilidade...* (excepto *servir e civil*).
- Nas palabras que comezan cos prefixos:
 - **bi- ou bis-** («dous»): *bisílabo, bisneto...*
 - **bibli- ou biblio-** («libro»): *biblioteca, bibliografía...*
 - **ben- ou bene-** («ben»): *bendicir, beneficio...*
 - **bio-** («vida»): *bioloxía, biografía...*
- Nas palabras: *abelá, abeleira, baleiro, beira, billa, bolboreta, gabeta, gabián, marabilla, móbil, inmóbil, automóbil, nobelo, polbo, rebentar, ribeira, trobador, Xabier...*

ESCRÍBESE CON V:

Nas palabras que comezan por **vice-** («en vez de»): *vicedirector...*

- Nos verbos rematados en **-ver**: *mover, prever...* (excepto: *saber, deber, haber, caber, sorber, lamber*).
- Nos verbos rematados en **-servar e -versar**: *conservar, conversar...*
- Nas formas dos verbo **estar, ir, servir, ver, vir, vivir e ter**: *estiven, tiven...*
- Nas terminacións:

-avo/-ava, -ave: *oitavo, suave...* (excepto: árabe).

-evo/-evo: *lonxevo, suevo...*

-ivo/-iva: *activa, festivo...*

-ívor/-ívora: *carnívoro, omnívora...*

Nas palabras: *acivro, avó, avogado, chuvasco, chuvia, covarde, escaravello, esvarar, esvelto, garavanzo, gravar* (e derivados: *gravación, desgravar...*), *gravata, pavillón, trevo, varanda, varrer, vasoira, vermello, verniz, verza, voda, voitre, vulto, Estevo, Cristovo...*

1. Escribe con b ou v, segundo corresponda:

o...ser...ación	en...oltorio	promo...er
a...sor...er	super...i...ente	de...ol...er
...en...ida	inser...i...le	reci...ir
o...xecti...o	con...eniente	prohi...ir
o... ..io	su...ir	...ulicio
cohi...ir	...i...ir	acti...o

2. Completa con b ou v:

- O sá...ado caeu unha forte tre...oada.
- A sara...ia rachou o tellado do pa...illón.
- Desde a ...aranda Este...o o...ser...a a ...eirarrúa.

- O teu no...o automó...il é unha mara...illa.
- O a...ó colleu a ...asoira earreu as follas.
- Perci...o un ...ulto ...ermello ...aixo a choi...a.

3. Localiza o intruso (forma incorrecta) e escribe a correcta:

- Bramar, berza, burla, branco
- Baleiro, absorber, bulto, bárbaro
- Vide, vez, vida, var, vil, val
- Cobarde, mobilidade, birlos, bárbaro

4. Completa con b ou v como proceda:

Imos tra__allar a conxugación __er__al.

Facemos unha pro__a co __er__o: __ailar.

Gra__o un __ídeo co mó__il para amosarllo á miña a__ogada.

Escri__e: “ Ningún conflito __élico __ale unha __ida”

5. Explica a diferenza de significados entre este pares:

bacha-vaca

barro-varro

balor-valor

barón-varón

boa-voa

bou-vou

bachante-vacante

bachilar-vacilar

ben-ven

barra-varra

boto-voto

cabo-cavo

USO DO H

ESCRÍBESE CON H:

- As palabras que comezan cos prefixos **hect(o)-** («cen»), **hemi-** («medio»), **híper-** («exceso, sobre»), **hipo-** («escaso, debaixo de»), **hidro-** («auga»), **homo-** («igual»), **hetero-** («diferente»), etc.: *hectómetro, hemiciclo, hipermercado, hipotensión, hidroterapia, homónimo, heteroxéneo...*
- As palabras que empezan por **horr-, hosp- e hum-** (excepto úmero): *horrorizar, hóspede, humano...*
- As formas dos verbos **haber, habitar, herdar, honrar, prohibir, exhibir, cohibir, inhibir, exhortar.**
- As palabras derivadas doutras que levan h: *habitar → deshabitar, honesto → deshonesto, hábil → inhábil, honra → deshonra.*
- Levan h: **harmonía** (armónico, harmonioso/a, harmonizar, filharmónica...), **harpía, hedra, hendecasílabo...** e os nomes de pía **Helena e Henrique.**
- As **interxeccións** ah!, eh!, uh!, oh!, boh!, bah!

NON SE ESCRIBE CON H:

Achar, aí, ala!, ata, baía, exuberancia (exuberante), inchar (desinchar), irmán, maionesa, oco, ola!, ombro/ombreiro, orfo, óso, ovo, truán, úmero.

1. Fíxate nestes prefixos. Escribe a palabra que corresponde ás definicións seguintes:

hecto-, hiper-, hidro-, hexa-, hendeca-, hipo-

- Unidade equivalente a cen litros.
- Trastorno da conduta caracterizado por exceso de actividade física ou muscular e problemas de atención, propio da infancia.
- Medo aos líquidos, especialmente á auga.
- Polígono de seis lados e seis ángulos.
- Que ten once sílabas.
- Que ten a tensión alta.

2. Escribe h cando cumpra:

...ipopótamo	..illa	..úmero
...inchazón	..oxe	..achar
...impo	a..í	pro..ibición
...ipnose	..arrolar	..esquío
...ermida	..ata	..espir
...edra	alco..ol	..armonía
...idróxeno	..ovo	..ombreiro
...ovo	..ospedaxe	..enrique
...ola!	des..onrar	..orfo
..erba	..irmá	..ermida
..orta	..ollar	..elena
..inchar	pro..ibir	in..umano

3. Explica o significado dos seguintes pares de palabras:

- Habano-abano
- Hora-ora
- Hai-ai

USO DO N E DO Ñ

ESCRÍBESE CON N:

albanel, boneca, cabana, cana, cano, canón, canoto, dano, dona, engano, ganancia, pano, pestana, sinal, sono, xardineiro...

ESCRÍBENSE CON Ñ:

amanecer, comuñón, coñecer, demoño, enxeño, estraño, poñer (e derivados), rañura, secaño, soño, testemuño, xuño...

TERMINACIÓNS -INO/-INA E -IÑO/-IÑA

- Nas palabras patrimoniais (as máis antigas da nosa lingua), a terminación -INU/-INA deu lugar a -IÑO, -IÑA: *adiviña, camiño, campesiño, espiña, madriña, menciña, mariño, niño, padriño, sardiña...*
- As palabras que entraron máis tarde no idioma, procedentes do latín ou doutras linguas, acaban en -INO/-INA: *asasino, destino, divino, doutrina, ensino, esquina, gasolina, intestino, medicina, oficina, peregrino, ruína, submarino...*
- As terminacións -iño/-iña funcionan en moitas palabras como morfemas diminutivos (indicando pequeno tamaño ou afecto): *caixiña, nadiña, amodiño...*

1. Completa con n ou ñ as seguintes palabras:

heroí...a inquili...o mesqui...o cartoli...a gasoli...a setemesi...o panxoli...a
enxe...oso ca...aval

2. Completa as oracións coas palabras sono ou soño segundo corresponda:

- Tiven un estarrecedor, un auténtico pesadelo.
- Voume deitar porque teño moito
- Non durmín de noite e ando topeneando co
- O seu é gañar as Olimpíadas.

USO CORRECTO DAS VOGAIS

ESCRÍBENSE CON A: anano, anoxo, asasino, avaliar, rancor, vantaxe, xadrez...

ESCRÍBENSE CON E: bater, debuxo, desculpa, deseño, desgusto, enxeño, espremer, mellor...

ESCRÍBENSE CON I: campión, cerimonia, cranio, húmido, inimigo, sinal, vingar, xiringa, labirinto...

ESCRÍBENSE CON O: cogomelo, coidar, espírito, fociño, ocorrer, polgar, somerxer, tribo...

ESCRÍBENSE CON U: bacallau, curral, curto, custo, durmir, pau, suborno, sufocar...

1. Coa axuda do dicionario, completa estas palabras coas vogais que faltan:

espr...medor

as...mblea

p...lgada

d...buxante

bat...dor

fr...nte

m...llorar

r...b...ño

m...rm...lada

v...rniz

enferm...dade

ant...face

camp...onato

v...nganza

m...tade

vac...na

2. Pon as vogais que faltan nestas oracións:

– Colle a l...nterna porque logo vai ...scurecer e leva tamén un pa... na man para mellor atravesar o lab...rinto.

– O salto con p...rtega é a especialidade que practico no pav...llón. Antes facía lanzamento de xav...lina.

– A c...goña e a and...riña son as aves que máis me gustan.

– Con este espr...medor podes preparar un sab...-roso zum... de c...noria con framb...esa, ou prefires elaborar m...rmelada?

- A t...tora mandounos facer un resum... deste libro sobre a antigü...dade pero non se me oc...-rre por onde podo comezar.
- Teño que levar o vest...ario da obra á tint...rería porque xa está próxima a data da estre... .

GRUPOS -CC- E -CT-

- ESCRÍBENSE CON -CC- E -CT- as palabras cultas cando o grupo consonántico vai precedido das vogais a, e, o: dirección, acción-acto-actor.
- SUPRÍMESE A PRIMEIRA CONSOANTE CANDO VAN PRECEDIDOS DAS VOGAIS I,U: ditado, condutor, produción. Excepto os tecnicismos e as palabras cultas: dicción, ficción, succión, pictórico...
- Nos SEMICULTISMOS, a primeira consoante vocalizou en i ou u: reitor, doutor...

1. Completa con c ou cc:

a...eder

tradu...ión

dedu...ión

atra...ión

reprodu...ión

sele...ionador

cole...ión

a...ión

o...idente

di...ionario

a...idental

contradi...ión

2. Completa con t ou ct:

reda...or

veredi...o

estru...ura

ví...ima

confli...o

di...ado

tra...or

inse...o

obxe...o

inxe...ar

elé...rico

estri...o

GRUPOS BL, PL, CL, FL, GL

- Estes grupos mantéñense inalterados nos cultismos e nos préstamos procedentes doutras linguas:

bl: blusa, notable, oblicuo, problema, público...

cl: aclamar, claro, clase, clima, reclamar...

fl: flan, flor, flotar, fluvial, influír, reflexión...

gl: glaciación, glándula, glicerina, gloria, glosa...

pl: exemplo, explicar, plano, planta, pluma...

- Cambian o l por r e convértense en br, pr, cr, fr, gr nos semicultismos e nalgúns préstamos antigos doutros idiomas:

br: branco, brando, dobre, nobre, obrigación...

cr: cravo, escravo, recrutar...

fr: fraco, frauta, frecha, frota, frouxo...

gr: igrexa, regra, singradura, xogar...

pr: cumprir, emprego, pracer, praia, prata, prazo, soprar...

1. Completa con l ou r:

c...avar

p...ano

f...otador

p...ateado

ref...exionar

exp...icación

nob...e

exemp...ar

c...aridade

f...autista

ab...andar

f...uvial

c...ima

emp...egado

af...ouxar

cump...imento

f...oreiro

desp...azarse

g...oria

b...anquear

exemp...ar

